

Análise do clima de aula

Grupo de Traballo Axenda 2030 e os ODS na aula

Reflexión experimento deseñado para estudar estatisticamente as emocións in situ durante unha xornada no Instituto.

As emocións xogan un papel importante nas nosas vidas, e son a maneira en que as persoas reflexan os seus sentimentos, polo tanto a maneira en que o alumnado manexa ou non as emocións, pode axudarlle a acceder a un benestar persoal que pode a súa vez traducirse nun mellor clima educativo.

Con este proxecto preténdese detectar e corrixir situacións emocionais negativas, que poidan afectar o normal transcorrer dunha xornada educativa do alumnado, e polo tanto evitar un clima de aula inadecuado.

O grupo de referencia, obxecto de estudo, caracterízase por ser pouco participativo, moi pasivo e inclusive en ocasións apáticos; no ámbito académico mostra pouco interese e os rendementos son baixos.

Dentro dos resultados obtidos, a variable que obtivo a maior puntuación foi a frustración, sentimento de tristeza ou imposibilidade de satisfacer unha necesidade, a falta de valoración do equipo de orientación, a emoción de frustración xustificaría, de certa maneira as características presentes na aula, como apatía ou falta de interese.

Precisaríanse estudos máis exhaustivos e longos para determinar en que medida a falta de interese é resultado de emocións mal xestionadas, como a frustración.